

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2022 - 2023**

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**IES MONELOS**  
**A Coruña**

**ÍNDICE**

<b>1</b>	<b>Introdución e contextualización</b>	<b>5</b>
1.1	Lexislación	6
1.2	Composición do Departamento e distribución de cursos.	6
<b>2</b>	<b>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</b>	<b>8</b>
<b>3</b>	<b>Obxectivos</b>	<b>11</b>
3.1	Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria	11
3.2	Obxectivos xerais do Bacharelato.	12
3.3	Concreción dos obxectivos para os diferentes cursos.	14
3.3.1	Concreción dos obxectivos para 2º ESO.	14
3.3.2	Concreción dos obxectivos para 4º ESO.	16
3.3.3	Concreción dos obxectivos para 2º BAC.	18
<b>4</b>	<b>Concreción dos Estándares de Aprendizaxe</b>	<b>19</b>
4.1	Concreción dos estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución para superar a materia para cada un dos niveis:	20
4.1.1	Segundo de ESO.	20
	Grao mínimo de consecución para superar a materia (2 ESO)	20
4.1.2	Cuarto DE ESO	34
	Grao mínimo de consecución para superar a materia (4 ESO)	34
4.1.3	Segundo DE BAC.	55
4.1.3.1	Concreción de estándares de aprendizaxe avaliáveis.	55
4.1.3.2	Grao mínimo de consecución para superar a materia( 2 BAC )	72
4.2	Temporalización.	72
4.2.1	Temporalización na ESO.	72
4.2.2	Temporalización en 2º BAC.	72
4.3	Procedementos e instrumentos de avaliación	74
<b>5</b>	<b>Concrecións metodolóxicas</b>	<b>75</b>
5.1	Concrecións metodolóxicas para a ESO	75
5.2	Concrecións metodolóxicas para BAC.	76
5.2.1	Criterios metodolóxicos	76
5.2.2	Estratexias e actividades didácticas	77

<b>6 Materiais e recursos didácticos .....</b>	<b>77</b>
6.1 Libros de texto .....	77
6.2 Libros de lectura .....	77
6.3 Outros materiais.....	78
<b>7 Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....</b>	<b>80</b>
7.1 Criterios para o alumnado da ESO .....	80
7.2 Criterios para o alumnado de BAC .....	81
<b>8 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. .</b>	<b>83</b>
<b>9 Materia pendente en ESO (<i>Plan de Reforzo</i>)/ BAC e <i>Plan específico</i> alumnado repetidor .....</b>	<b>84</b>
9.1 Materia pendente en ESO. <i>Plan de Reforzo</i> .....	84
9.1.1 Criterios de cualificación da materia pendente en ESO.....	85
9.2 Materia pendente en BAC.....	86
9.3 <i>Plan específico</i> personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso .....	86
<b>10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato .....</b>	<b>86</b>
<b>11 Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados .....</b>	<b>87</b>
<b>12 Medidas de atención á diversidade.....</b>	<b>88</b>
12.1 Descrición do grupo despois da avaliación inicial .....	89
12.2 Necesidades individuais .....	89
12.3 Alumnado con TDAH .....	89
<b>13 PMAR 2º ESO .....</b>	<b>89</b>
• Ámbito lingüístico-social.....	90
• Obxectivos .....	91
• Competencias clave.....	92
• Contidos .....	93
• Contidos referentes de cada materia do Ámbito por avaliación .....	93
• Metodoloxía.....	103
• Avaliación e recuperación .....	103
<b>14 Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....</b>	<b>106</b>
<b>15 Actividades complementarias e extraescolares programadas.....</b>	<b>107</b>

<b>16 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programaciónsdidácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .....</b>	<b>108</b>
<b>17 Estándares das aprendizaxes e competencias imprescindibles nos diferentes niveis.....</b>	<b>113</b>
<b>18 Plan de reforzo e recuperación.....</b>	<b>116</b>

## 1. Introducción e contextualización

### 1. Contextualización

Todas as áreas de Linguas teñen como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. As alumnas e alumnos, ao terminaren os seus estudos, deben ser capaces de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional; deben ser capaces, así mesmo, de comprender e producir correctamente todo tipo de mensaxes orais e escritas, tendo en conta a adecuación ao contexto no que ten lugar a comunicación.

Agora ben, no noso instituto, esta materia ten que orientarse tanto á aprendizaxe instrumental do idioma como á comprensión da realidade lingüística de Galicia, co obxecto de desenvolver no alumnado, ademais do uso correcto da lingua, unha actitude de aprecio e de sensibilidade cara á mesma e a súa aceptación social. A situación urbana do Centro conleva un uso oral case nulo do galego na ESO e no Bacharelato. A grande maioría do noso alumnado é castelanfalante.

É conveniente asumir a bagaxe lingüística do alumnado como punto de partida desde o que suxerir e achegar modelos normativos que amplíen as súas capacidades de comunicación. Non obstante este punto de partida non é alleo á análise e á comprensión do medio sociolingüístico no que vive o alumnado nin aos factores (socioeconómicos, culturais etc.) que interveñen nel. Polo tanto, partindo das aprendizaxes adquiridas na Educación primaria, aquí e agora debemos favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación e de representación, pero tamén a conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica, para eliminar os prexuízos lingüísticos que seguen a existir. Consideramos que todas as áreas lingüísticas que buscan o desenvolvemento e a mellora da capacidade de comprensión e expresión deberían participar dun marco de referencia común e duns criterios didácticos coherentes, respectando a especificidade de cada unha delas. Por ese motivo, preténdese acadar unha

coordinación inter-departamental e intra-departamental, sen esquecermos o importante labor do Equipo de Dinamización Lingüística.

En resumo, obsérvase no noso alumnado un dominio da expresión escrita cada vez máis similar ao do castelán e un uso case anecdótico do galego oral.

### **1.1. Lexislación**

O marco legal segundo o que se elabora esta programación está baseado no seguintes documentos:

- Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 15 de xullo de 2016, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

### **1.2. Composición do Departamento e distribución de cursos.**

No curso 2018/2019, o Departamento Didáctico de Lingua galega e Literatura do IES Monelos está formado polas seguintes profesoras coa correspondente carga horaria:

	M <sup>a</sup> Luísa Corredoira	Mar Rodríguez	Pilar Tobar	Pilar Veiga
<b>ESO 1</b>	1 (4 horas)			2 - (8h)
<b>ESO 2</b>		2 (6 horas)	2ºPMAR - (9 h)	1 - (3h)
<b>ESO 3</b>	3 - (9 horas)			
<b>ESO 4</b>				3 - (9h)
<b>REFORZO 2º</b>	1 - (1 hora)		1 - (1 hora)	
<b>BAC 1</b>	2 - (6 horas)		2 - (6 horas)	
<b>BAC 2</b>		4 - (12 horas)		
<b>HORAS de clase</b>	20	18	16	20
<b>Titorías</b>		2º Bach	2º PMAR	
<b>Reducións</b>			XD	

### Observacións

1. A reunión de Departamento terá lugar sempre que sexa preciso e como mínimo cunha periodicidade aproximada dunha vez ao mes.

Ao comezo do curso, tendo en conta a análise da programación da materia con respecto ao curso anterior, modificaremos e elaboraremos a programación didáctica.

Nas seguintes reunións, procederase a analizar os resultados das avaliacións e tomaranse todas as decisións necesarias para o correcto desenvolvemento da materia durante o curso.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización e a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### **Comunicación lingüística (CCL)**

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

### **Competencia dixital (CD)**

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:



- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. ● Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquiren a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área unha canle perfecta para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

### **Aprender a aprender (CAA)**

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, a materia de Lingua Galega e Literatura préstase especialmente, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe. ● Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

A concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais aparecen recollidos no apartado 4.1 desta programación.

### 3. Obxectivos

#### 3.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria

Segundo o Artigo 10 do *Decreto 86/2015*, do 25 de xuño, os obxectivos da educación secundaria obrigatoria son os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.2. Obxectivos xerais do Bacharelato**

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que os facultan para desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Artigo 26 do *Decreto 86/2015* do 25 de xuño indica que o Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser

- quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
  - d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
  - e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
  - f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
  - g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
  - h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
  - i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
  - l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
  - m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
  - n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
  - ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
  - o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
  - p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 3.3. Concreción dos obxectivos para os diferentes cursos.

#### 3.3.1. Concreción dos obxectivos para 2º ESO

- Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
- Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.
- Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
- Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.
- Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.
- Elaborar argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.
- Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.
- Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.
- Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramática, ortográfica e fonética.
- Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.
- Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.
- Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas, ... expoñendo e argumentando as ideas propias.
- Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.
- Desenvolver estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.
- Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
- Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.

- Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.
- Identificar e analizar as distintas fontes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.
- Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.
- Realizar unha lectura en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
- Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.
- Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.
- Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.
- Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.
- Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
- Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.
- Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.
- Coñecer, empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.
- Comprender que o uso de normas ortográficas e morfoloxías é necesario para o desenvolvemento da lingua.
- Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilízalos en textos escritos con corrección.
- Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.
- Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
- Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.
- Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.
- Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.

- Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galegas e describir a situación legal das linguas do Estado español.
- Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
- Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.
- Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
- Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.
- Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analízalos en diferentes obras de cine.

### **3.3.2. Concreción dos obxectivos para 4º ESO**

- Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
- Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
- escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
- Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
- Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
- Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
- Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
- Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
- Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
- Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
- Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.



Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).

Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras

- Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
- Recoñecer e usar a fonética do galego.
- Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
- Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
- Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
- Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
- Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.
- Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.
- Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
- Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
- Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
- Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
- Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
- Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
- Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
- (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

### **3.3.3. Concreción dos obxectivos para BAC**

A lei establece a adquisición das destrezas básicas que debe manexar o alumnado para ampliar a súa capacidade de comprensión e expresión oral e

escrita e a súa educación literaria a través de catro bloques de contidos cuxos obxectivos específicos resumimos aquí:

### **Comunicación oral: escoitar e falar**

- Adquirir habilidades para comunicar con precisión as ideas propias.
- Realizar discursos elaborados e adecuados á situación comunicativa.
- Escoitar os demais e interpretar correctamente as súas ideas.

### **Comunicación escrita: ler e escribir**

- Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade.
- Entender textos de diversos xéneros.
- Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
- Desenvolver o pensamento crítico e creativo.
- Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción.
- Escribir textos coherentes e adecuados.

### **Coñecemento da lingua**

- Utilizar os mecanismos lingüísticos como base para un uso correcto da lingua.
- Interiorizar e usar adecuadamente as regras ortográficas e gramaticais.
- Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración.
- Recoñecer as relacións gramaticais entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto.
- Afondar nas relacións textuais que fundamentan o discurso.
- Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua.

### **Educación literaria**

- Formarse como lectores cultos e competentes.
- Ler, comprender e interpretar os textos literarios máis representativos da literatura galega.
- Achegarse aos xéneros literarios.
- Establecer as relacións entre o contexto sociocultural e a obra literaria.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura galega e universal.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura galega e universal de todos os tempos.

Por último, a lei conclúe que a materia Lingua galega e Literatura, «persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa, capaces de

interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións a través da lectura crítica das obras literarias máis importantes de todos os tempos».

#### 4. Concreción dos Estándares de Aprendizaxe

No ANEXO III do *Decreto 86/2015*, do 25 de xuño, queda establecida a concreción curricular de Lingua Galega e Literatura para a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os novos currículos presentan como principal novidade os **estándares de aprendizaxe**, especificacións dos **criterios de avaliación** que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. A nosa materia preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en **cinco bloques de contido** (conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias):

- O bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar" atende ao uso oral da lingua e incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua en contextos formais e informais.
- O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo.
- O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto.
- O bloque 4, "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos.
- O bloque 5, "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes; o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables

Xa que os estándares, os criterios de avaliación, os contidos e as competencias clave aparecen establecidos e asociados polo currículo e poden consultarse no ANEXO anteriormente citado, nesta programación imos realizar a nosa concreción das relacións entre estes elementos para cada un dos niveis. Nalgúns cursos consideramos máis doado organizalos en Unidades didácticas, de tal xeito que a temporalización de traballo e avaliación de cada estándar xa quede determinada.

Así mesmo abordaremos a análise do grao mínimo de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares.

#### **4.1. Concreción dos estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución para superar a materia para cada un dos niveis:**

##### **4.1.1. Segundo de ESO**

##### **4.1.1.1. Grao mínimo de consecución para superar a materia (2 ESO)**

Os estándares que a seguir se clasifican como fundamentais é porque consideramos que o alumnado ten que acadalos a un nivel básico para superar a materia.

Os restantes estándares están marcados como secundarios non porque a súa importancia sexa menor senón porque debido á súa complexidade son estándares en progreso que non se consideran básicos para superar a materia neste nivel.

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>Grao mínimo de consecución</b>	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación</b>
<b>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</b>		
LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).	<b>FUNDAMENTAL</b>	Observación do profesor/a indicándoo no libro de rexistro. Escoita e visualización na aula de videos de diferentes temas.
LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	<b>SECUNDARIO</b>	Observación do profesor/a indicándoo no libro de rexistro. Produce resumos orais de textos orais Exames escritos.

LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	SECUNDA RIO	Observación directa da profesora Escoita de conferencias e exposicións na aula.
LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	FUNDAME NTAL	Observación directa da profesora Presentación de traballos vía papel/dixital
LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	SECUNDA RIO	Observación da profesora e do resto do grupo aula.  Debates
LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos	SECUNDA RIO	Observación do profesor/a indicándoo no libro de rexistro. Dramatizacións. Exposicións
trazos máis característicos da linguaxe non verbal.		orais. Lectura en alto.
LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.	SECUNDA RIO	Observación do profesor/a indicándoo no libro de rexistro. Visualización de videos sobre temas diversos
LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	SECUNDA RIO	Observación do profesor/a indicándoo no libro de rexistro. Visualización de videos diversos. Lectura de xornais escritos. Exposicións orais.
LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	SECUNDA RIO	P: Observación da profesora e do grupo aula. Exposición de traballos. Participación en debates.
LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.	SECUNDA RIO	Observación do profesor/a indicándoo no libro de rexistro. Exposicións. Debates.

LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.	SECUNDA RIO	Observación do profesor/a. Exposicións. Debates.
LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual.	SECUNDA RIO	Obsrvación da profesora Exposicións. Debates
LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	<b>FUNDAMENTAL</b>	Observación do profesor/a indicándoo no libro de rexistro. Debates. Exposicións. Dramatizacións.
LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	SECUNDA RIO	Observación do profesor/a indicándoo no libro de rexistro. Debates. Exposicións. Dramatizacións
LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	SECUNDA RIO	Observación do profesor/a indicándoo no libro de rexistro. Debates. Exposicións. Dramatizacións
LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	SECUNDA RIO	Observación do profesor/a Debates. Exposicións. Dramatizacións
LGB1.1.1. LGB1.1.2. LGB1.1.3. LGB1.2.1. LGB1.2.2. LGB1.2.3.	LGB1.3.1. LGB1.3.2. LGB1.3.3.. LGB1.3.4. LGB1.4.1. LGB1.4.2. LGB1.4.3.	LGB1.5.1. LGB1.5.2. LGB1.5.3. LGB1.5.4. LGB1.5.5. LGB1.5.6 LGB1.5.7. LGB1.5.8.	LGB1.6.1. LGB1.6.2. LGB1.6.3. LGB1.6.4. LGB1.7.1. LGB1.7.2. LGB1.8.1. LGB1.8.2.	LGB1.9.1. LGB1.10.1. LGB1.10.2. LGB1.11.1. LGB1.11.2. LGB1.11.3.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
LGB2.1.1. LGB2.1.2. LGB2.1.3. LGB2.1.4.	LGB2.2.1. LGB2.2.2. LGB2.3.1. LGB2.3.2.	LGB2.3.3. LGB2.3.4. LGB2.4.1. LGB2.4.2.	LGB2.5.1. LGB2.5.2. LGB2.5.3.	LGB2.6.1. LGB2.6.2.
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
LGB3.6.1. LGB3.7.1.				
Bloque 4. Lingua e sociedade				
LGB4.1.2. LGB4.5.1. LGB4.6.1.				
Bloque 5. Educación literaria				
LGB5.7.1.				

Corresponderán ao **1ª AVALIACIÓN:**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE				
Bloque 1. Comunicación oral. Escribir e falar				
LGB1.5.6.				
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
LGB2.2.2. LGB2.3.2.	LGB2.3.3. LGB2.4.1.	LGB2.4.2. LGB2.5.2.	LGB2.6.1. LGB2.6.2.	
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
LGB3.1.1.	LGB3.1.2.	LGB3.3.1.	LGB3.3.2.	LGB3.3.3.
Bloque 4. Lingua e sociedade				
LGB4.1.1. LGB4.2.2.	LGB4.3.1. LGB4.3.2. LGB4.3.3.	LGB4.3.4. LGB4.3.5.	LGB4.4.1. LGB4.5.1.	
Bloque 5. Educación literaria				

LGB5.1.1. LGB5.1.2. LGB5.1.3.	LGB5.2.1. LGB5.2.2. LGB5.2.3.
-------------------------------------	-------------------------------------

Durante o **2ª AVALIACIÓN**: farase fincapé en:

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>				
Bloque 1. Comunicación oral. Escribir e falar				
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
LGB3.3.2. LGB3.3.3.				
Bloque 4. Lingua e sociedade				
LGB4.3.1.	LGB4.3.2.	LGB4.3.3.	LGB4.3.4.	LGB4.3.5.
Bloque 5. Educación literaria				
LGB5.3.1. LGB5.3.2.	LGB5.3.3. LGB5.4.1.		LGB5.4.2. LGB5.4.3.	

E na **3ª AVALIACIÓN** traballaremos:

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>				
Bloque 1. Comunicación oral. Escribir e falar				
LGB1.11.3.				
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
LGB3.2.1.	LGB3.4.1.		LGB3.5.1.	
Bloque 4. Lingua e sociedade				
LGB4.2.1. LGB4.4.1.	LGB4.4.1. LGB4.4.2.	LGB4.4.3.	LGB4.4.4	LGB4.4.5.
Bloque 5. Educación literaria				
LGB5.5.1. LGB5.5.2.	LGB5.5.3.	LGB5.6.1. LGB5.6.2.	LGB5.6.3.	

#### 4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

No apartado 4.1 desta programación aparecen especificados para todos os cursos os procedementos e instrumentos de avaliación que empregaremos para cada un dos estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos pola administración.

Os procedementos básicos que, como podemos comprobar no punto citado, empregamos para a avaliación do alumnado son:

- Observación directa do profesor/a.
- Corrección do profesor/a.
- Observación do resto do grupo/aula.

- Autoavaliación do propio alumno ou alumna.

Os instrumentos a empregar, tamén recollidos anteriormente, para a avaliación serán basicamente:

- Exames escritos e orais.
- Presentación de traballos vía papel e/ou dixital.
- Lectura en alto e en silencio.
- Un libro de literatura por trimestre.
- Dramatizacións e Debates.
- Anotacións no libro de notas seguindo unhas pautas.

Neste curso 2020/2021, mediatizado pola pandemia COVID-19 e pola incertidume sobre o desenvolvemento das aulas presencias que iso pode provocar, iranse engadindo procedementos e instrumentos de avaliación diversos, de seren necesarios. En xeral serán de carácter dixital e iránselle describindo ao alumnado segundo as necesidades do curso.

## 5. Concrecións metodolóxicas

### 5.1. Concrecións metodolóxicas para a ESO

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o/a docente manexa dous obxectivos fundamentais:

- a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo
- o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas.

Neste proceso é necesario **o adestramento individual e o traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.:

- comprensión oral e lectora
- a expresión oral e escrita
- a argumentación

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o **traballo en grupo colaborativo** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos

os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a **vinculación a contextos reais** e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos.

Tentaremos conseguir o máximo **axuste entre a avaliación inicial** (o que xa saben), **a secuencia de contidos** (grao de complexidade crecente das actividades) e **o seu estilo de aprendizaxe**; desde xeito, estaremos conseguindo a mellor metodoloxía para facer que cada alumna/o progrese na súa aprendizaxe e que supere as súas dificultades. Empregarase unha metodoloxía activa; as explicacións teóricas serán o soporte mínimo para que o alumnado realice un amplo número de actividades.

## 5.2. Concrecións metodolóxicas para BAC

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe fomentar a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel.

### 5.2.1. Criterios metodolóxicos

Nós teremos presentes os seguintes criterios metodolóxicos:

- Adecuación das actividades á madurez do alumnado nesta etapa educativa.
- Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.
- Integración do aprendido a través da interdisciplinariedade.
- Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.
- Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.
- Aprendizaxe autónoma dos estudantes.

- Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.
- Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.
- Fomento do interese pola aprendizaxe. • Uso funcional da lingua.

### 5.2.2. Estratexias e actividades didácticas

Entre as estratexias didácticas que consideramos fundamentais encóntranse:

- A lectura
- A detección de ideas previas
- As explicacións sobre os contidos
- As aplicacións prácticas dos saberes e as habilidades
- A aplicación de técnicas de estudo
- A análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas
- A investigación lingüística e literaria
- A construción de ideas novas e xuízos críticos.

Para levalas a cabo, utilizaranse actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e a literatura: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise indutiva e dedutiva, de lectura, de comentario, de escritura, de chuvia de ideas, de diálogo e debate, de reflexión, de contextualización, de busca de información, de investigación, etc.

## 6. Materiais e recursos didácticos

### 6.1. Libros de texto

ESO 2. Lingua e literatura. Xerais. I.S.B.N. : 978-84-9121-279-9

ESO 4 . Lingua e literatura. Xerais. I.S.B.N.: 978-84-9914-396-5

2º Bacharelato. Lingua e literatura. Xerais. I.S.B.N.: 978-84-9121-142-6

Como material complementario utilizaremos o acceso dixital que nos proporciona a editorial, ademais doutros materiais de apoio, como todo tipo de exercicios e textos en fotocopia.

### 6.2. Libros de lectura

Para o fomento da lectura e como complemento para traballar a CC en cada curso programamos a lectura dun libro avaliable por avaliación. Os libros de lectura para o presente curso 2021/2022 son:

#### 6.2.1. Segundo da ESO

1ª Avaliación: SOLAR, María, *Os nenos da varíola*. Galaxia.

2ª Avaliación: NEIRA VILAS, Xosé, *Memorias dun neno labrego*

3ª Avaliación: FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, *Cartas de inverno*, ed. Xerais.

### 6.2.2. Cuarto da ESO

1ª Avaliación: FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, *A viaxe de Gagarin*, ed. Xerais.

2ª Avaliación: R. CASTELAO, Alfonso D., *Os dous de sempre*, ed. Galaxia

3ª Avaliación: RIVAS, Manuel, *O lapis do carpinteiro*, ed. Xerais.

### 6.2.3. Segundo BAC

1ª Avaliación: A escoller entre:

DIESTE, Rafael, *A fiestra valdeira*.

RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso D., *Cousas*

2ª Avaliación: MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís, *O crepúsculo e as formigas*.

3ª Avaliación: pódese escoller un destes libros:

REIGOSA, Carlos, *A vitoria do perdedor*, ed. Xerais.

PAZÓ, Cándido, *A piragua*, ed. Laivento.

COSTAS, Leticia, *Un animal chamado néboa*, ed. Xerais.

REIMÓNDEZ, María, *Cobiza*, ed. Xerais

### 6.3. Outros materiais

Outros materiais resaltables son todos aqueles que nos poida proporcionar internet, peza fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. A seguir nomeamos algúns deles coa clara conciencia de que nos faltan moitísimos, non todos son utilizados todos os cursos, e que se utilizan outros que probablemente non aparezan aquí reseñados.

#### LITERATURA:

- Coñecemento e acceso a webs que presentan corpus completos ou parciais de autores de literatura galega:

Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es/>

Biblioteca virtual da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org>

Literatura Galega: <http://www.culturagalega.org/lg3/>

Asociación de escritores en lingua galega: <http://www.aelg.org/>

Libros Google: <http://books.google.es/>

Galegos Espallados: <http://www.galespa.com.ar/>

- Estudo de autores e movementos literarios a partir de páxinas específicas e monográficas:

Consulta de información sobre a vida, obra, textos, foros de debate, etc.:

Fundación Otero Pedrayo: <http://www.arrakis.es/~trasalba/default.htm>

Fundación Vicente Risco: <http://www.fundacionvicenterisco.com/>

Museo Castelao: <http://www.museocastelao.org/>

Fundación Luís Seoane: <http://luisseoane.org/>

Fundación Neira Vilas: <http://www.fundacionxoseineiravilas.com/>

Obra de Celso Emilio Ferreiro: <http://www.ctv.es/USERS/luz/LNP>

Web de Manuel María: <http://www.manuelmaria.com/>

Web de Uxío Novoneyra: <http://www.uxionovoneyra.com/>

Web de Bernardino Graña: <http://www.bernardinograña.org/>

Batallón literario: <http://www.finisterrae.com/batallon/>

Web de Yolanda Castaño: <http://www.yolandacastano.com/>

- Visionado de vídeos de carácter didáctico sobre diversos autores: Castelao, Otero Pedrayo, Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro, Lorenzo Varela...)
- Visionado en <http://es.youtube.com> de fragmentos de actuacións, entrevistas... de actualidade relacionadas coa literatura galega (Méndez Ferrín, Reixa e Os resentidos, Manuel Rivas, Suso de Toro...)
- Audición de materiais musicais ou sonoros sobre temática literaria obtidos de páxinas web: contos de Casares, Castelao, Neira Vilas... no arquivo sonoro de <http://www.culturagalega.org>; de Cabanillas, de Celso Emilio Ferreiro, de Manuel María en <http://www.ghastaspista.com>, Uxío Novoneyra en <http://www.diadasletras-2010.com>; entrevistas e tertulias (Casares no arquivo sonoro de <http://www.culturagalega.org>), [sondepoetas.blogspot.com](http://sondepoetas.blogspot.com)

## LINGUA:

- Coñecemento e utilización de recursos lingüísticos en internet: dicionarios, correctores, tradutores, léxicos específicos (aos que podemos acceder facilmente en [http://www.edu.xunta.es/portal/ contenido/Recursos](http://www.edu.xunta.es/portal/contenido/Recursos)).
- Morfoloxía: *Exercicios interactivos de gramática, léxico e comprensión* de Serafín Álvarez; información e algunhas actividades en papel na web *Cousas de galego*. *Exercicios interactivos con pronomes*. *Exercicios interactivos sobre o infinitivo conxugado*. *Actividades de léxico para localizar a palabra definida e Actividades de léxico sobre mamíferos* na páxina do *Correlingua*, *Dúas propostas creativas para traballar a sintaxe* de Luciano Fernández. *Presentación en diapositivas sobre abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos* elaborada por Román Landín para 4º de ESO, xogos de lingua *O preguntoiro* e *O aforcado*, no portal de contidos da Xunta.
- Lingua oral: *Dúas presentacións sobre variedades dialectais*: unha sobre bloques e áreas e outra con mapas, de Noemí Pazó; *Información sobre fonética* na web *Cousas de galego*; *Información sobre dialectoloxía* na web *Cousas de galego*, *Webquest sobre dialectoloxía* para 1º de Bach., realizada por Xoán Costa; *Mapas dialectais* do ILG *A nosa fala*. *Bloques e áreas lingüísticas* do galego: audiolibro editado por Fernández Rei e Carme Hermida. para escoitar en liña ou descargar en formato mp3.

## 7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

### SISTEMA CUALIFICACIÓN ESO

1. Poderanse realizar unha ou máis probas cualificables por avaliación; a media ou a ponderación das probas suporá o 60% da nota de avaliación.

**\*\*Ao ser avaliación continua aclárase que en cada proba poderán entrar contidos das anteriores.**

2. **ORTOGRAFÍA:** Efectuarase unha detracción de puntos por erros na ortografía das probas escritas, até un máximo de **2 puntos** por proba. Cada erro ortográfico baixará **0,1**.
3. Unha actitude positiva cara a materia, isto é, o traballo diario: tarefas encomendadas para casa, exercicios realizados na aula, participación na clase, actitude na aula... suporá un **10%** da nota da avaliación.
4. As probas das lecturas realizadas, que serán orais ou escritas, valoraranse ata **1 punto** por avaliación (**10%**).
5. Valorarase a oralidade mediante: dramatizacións, exposicións orais, presentacións, observación directa na aula...

Cómpre considerar neste apartado a actitude oral (interese por incorporar o dominio lingüístico a todos os actos de comunicación na aula). Isto suporá outro **20%** da nota de avaliación.

6. Copiar nalgunha das probas supón unha cualificación de 0 puntos na mesma.
7. **A nota da 3ª avaliación parcial** calcularase co sistema establecido para as avaliacións anteriores.

### RECUPERACIÓNS:

#### 2º ESO

Non hai recuperacións parciais. A progresión e a solución das dificultades obsérvase nas melloras acadadas en avaliacións posteriores.

Aqueles alumnos ou alumnas que non consigan o aprobado na terceira avaliación parcial, terán que realizar o que se lle indique no seu informe individualizado.

#### 4º ESO

Diferénciase entre aqueles contidos que precisan dunha asimilación progresiva e aqueloutros que podemos considerar terminativos (etapas literarias, sociolingüística...) que serán recuperables despois de cada avaliación, realizando exames, traballos, exposicións ou outras actividades.



## **AVALIACIÓN FINAL**

1. EN 2º ESO aquel alumnado que aprobe a terceira avaliación parcial (a avaliación, non os exames) terá aprobada a materia.
2. En 4º ESO aquel alumnado que teña como mínimo 5 en cada unha das avaliacións supera a materia.
3. **A nota final do alumnado que teña aprobada a materia ao realizar a 3ª avaliación parcial calcularase do seguinte xeito:**

Media aritmética das tres avaliacións (realizada coa nota real non coa redondeada) + máximo 0,5 puntos polo traballo de reforzo e ampliación desenvolvido no período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final.

4. **O alumnado que non acadase o aprobado** terá que realizar as actividades determinadas no seu informe individualizado (exame global dos contidos mínimos, lecturas, traballos, esquemas, comentario de texto) para poder obter un 5.

### **7.2. Criterios de cualificación para o alumnado de 2º BAC**

#### **• Sistema de cualificación:**

1. Realización de unha ou dúas probas cualificables por avaliación, que poderán ser ponderadas. (De haber dous exames realizarase a ponderación ou a media aritmética (sempre que ningún sexa inferior a 4)
2. A **nota** da avaliación será: **90% a nota do exame + 10% a actitude** (0,05% libro de lectura e 0,05% o traballo; entregar comentarios solicitados, exercicios na aula...)
  - a. A **nota mínima** para **contemplar ese 10%** será un **4 no exame**.
  - b. Se **algún dos exames** ten **nota inferior a 4** o alumno ou alumna suspende a avaliación e terá que ir á recuperación de final de curso.
3. A obra literaria por avaliación, pertencente a cada un dos períodos da literatura estudados, será cualificable con ata 0,5 puntos, como xa se indicou.
4. Realizarase detracción de puntos nos exames por erros ortográficos segundo os criterios ABAU, ata un **máximo de 2 puntos** por exame: **Moi graves (-0,2** cada erro): aquelas solucións que son alleas ao sistema lingüístico galego (tempos compostos, errónea colocación do pronome átono...). **Graves (-0,1** cada erro): solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y/i/x,...), erros na acentuación diacrítica. **Leves (-0,05** cada erro): solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica.
4. **RECUPERACIONES:** o alumnado que teña suspensa unha avaliación irá ao global de maio coa materia desa avaliación. Quen teña máis dunha avaliación suspensa irá ao global con toda a materia.

**• NOTA FINAL ORDINARIA:**

1. Previa á recuperación final realizarase a media aritmética das tres avaliacións para aquel alumnado cuxa nota non sexa inferior a 4 en ningunha delas. Se a media é 5, aproba o curso.
2. A nota será a media aritmética das tres avaliacións, realizada coa nota real non coa redondeada, para todo o alumnado agás aquel que se presentase ao exame de recuperación con toda a materia do curso.
3. Para o alumnado que se tivese presentado ao exame final de recuperación con toda a materia e tendo en conta que estamos avaliando todo o traballo do curso, a nota final será:

O 90% a nota de dito exame de recuperación + 0,05% por ter lidos os tres libros de lectura ao longo do curso e outro 0,05% por ter entregado os diferentes traballos.

4. Aquel alumnado cuxa nota final sexa inferior a 5, xa sexa porque non se presentou ao exame global ou porque, presentándose, non acadou os mínimos esixidos, suspenderá a materia na convocatoria ordinaria e terá que presentarse á proba extraordinaria de xuño. Na cal será cualificado exclusivamente pola nota acadada nesa proba escrita.
  - a. Na avaliación extraordinaria avaliarase atendendo ao grao mínimo de consecución dos estándares de apredizaxe marcados como fundamentais na programación didáctica.

O Departamento determina, como para todos os niveis, que **haberá penalización para o alumnado que sexa sorprendido copiando**, tanto por medios analóxicos como dixitais, durante os exames ou calquera outra proba avaliabile (incluso no caso de que as evidencias se produzan despois de ter rematada a proba).

**A sanción que se establece é a de cualificación negativa (puntuación de 0) na proba en cuestión.**

## 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta os seguintes aspectos:

- Coordinación do grupo de alumnado.
- Planificación das tarefas: dotación de medios e tempos e distribución dos mesmos.
- Ambiente de traballo e participación do alumnado. • Selección do xeito de elaboración de actividades.

Teranse en conta os seguintes indicadores co fin de establecer unha avaliación de todo o proceso:

- Relación entre obxectivos e estándares de aprendizaxe.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.
- Relación entre os contidos esixidos e as actividades de avaliación.

Para este proceso valerémonos da seguinte táboa:

### TÁBOA DE INDICADORES PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

	SI/NON. Por que?
Os obxectivos marcados son axeitados ás capacidades e intereses do alumnado	
O alumnado ten claros os obxectivos	
As competencias foron traballadas, graduadas e desenvolvidas	
Os contidos foron adaptados ás peculiaridades do alumnado	
A metodoloxía é estimulante para o alumnado e eles a consideran axeitada	
Os materiais e recursos son axeitados	
Motivouse o alumnado	
Logramos a implicación das familias	

O equipo docente traballou coordinadamente e asumindo pautas compartidas	
As actividades foron axeitadas ás capacidades do alumnado	
Traballáronse os estándares de aprendizaxe	
A axuda prestada foi axustada ás necesidades do alumnado	
Temos dado a posibilidade de interactuar entre iguais	
Tiveron cabida as iniciativas persoais do alumnado	
O desenvolvemento das actividades axustouse ao que se programou	
A organización dos espazos da aula favorece o traballo tanto individual como colectivo, así como o desenvolvemento de tarefas e metodoloxías diversas	
O uso das novas tecnoloxías foi axeitado tanto para o alumnado como para as explicacións e usos de recursos por parte do profesorado	

Os instrumentos para levar a cabo esta avaliación serán os seguintes:

- Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente
- Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación
- Análise dos resultados académicos
- Reunións de departamento, equipo docente e CCP
- Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos.

## **9. Materias pendentes: en ESO (*Plan de Reforzo*) e BAC e *Plan Específico* para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.**

### **9.1. *Plan de Reforzo* para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.**

O plan de reforzo elaborado polo profesorado do noso departamento didáctico e co coñecementos do profesorado titor, terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Será un plan que se adapte ás particularidades do alumnado destinatario. O departamento velará pola realización do plan por parte de dito alumnado.

**9.1.1. O plan de reforzo incluirá:**

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

**9.1.2. Criterios para a cualificación da materia pendente en ESO**

1. O alumnado que aprobe a 1ª avaliación do curso superior en que está matriculado, recupera a materia pendente.
2. Se suspende dita avaliación, terá que facer un traballo sobre un libro de lectura adecuado ao nivel. Dito traballo entregaráse ao alumno ou alumna a comezos da 2ª avaliación.
3. De non entregar o traballo de recuperación indicado no punto anterior, deberá realizar un exame final de recuperación no mes de maio. Para a súa preparación entregarase material dos contidos mínimos do curso a superar.
4. O alumnado que non aprobe ese exame final de recuperación, terá a materia pendente para o vindeiro curso.
5. En todo caso, de aprobar o curso no que está matriculado/a, superará a materia pendente.

**9.2. Materia pendente en BAC**

O alumnado coa materia pendente de 1º BAC cursou o devandito curso coa LOMCE, polo tanto os criterios para a cualificación da materia pendente deberán axustarse aos estándares establecidos o curso pasado. Aclaremos que este curso 2022-2023 non temos alumnado coa materia pendente de 1º BAC. Non obstante, mantemos os criterios do curso pasado por se recibísemos alumnado nesas circunstancias ao longo do curso.

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria de xuño terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo. En dita convocatoria serán avaliados sobre o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe soamente mediante a proba escrita.

- Realizaranse dous exames parciais e un exame final:
- O primeiro exame parcial terá lugar no mes de xaneiro. Nel entrarán os contidos que se especifican nas distintas programacións do primeiro cuadrimestre.

- O segundo exame parcial realizarase no mes de abril e versará sobre os contidos do segundo cuadrimestre.
- No mes de maio haberá un exame final para o alumnado que non teña superados os dous exames anteriores.
- Todos/as os/as alumnos/as que aprobaron os dous exames parciais non precisarán realizar o exame final e daráselles como superada a materia.
- No exame final o alumnado examinarase da parte non superada ou de toda a materia se suspendesen os dous exames parciais.

### **9.3 Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.**

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

### **10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.**

Ao ser o BAC unha etapa postobrigatoria e a materia de Lingua galega e literatura común para toda a educación secundaria entendemos que todo o alumnado que obtivo o título de Graduado en Secundaria ten acreditados os coñecementos previos necesarios para cursar o bacharelato. Por esta razón o Departamento non ten establecidos procedementos específicos para este apartado.

### **11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

O proceso de ensinanza e aprendizaxe diríxese cara a unha serie de obxectivos, o que implica que partiremos dunha avaliación inicial que nos permita coñecer o punto do cal partimos e sobre o que se operarán os cambios para a aprendizaxe (no caso do PMAR de 3º, é probable que a profesora/or xa

coñeza o alumnado do curso pasado e poida partir dese coñecemento previo). O coñecemento dos niveis, características e necesidades do alumnado permitirán tomar unha serie de decisións relativas a:

- Planificación e programación das actividades docentes.
- Adopción de medidas de atención á diversidade na aula.
- Metodoloxías a empregar.

Ao tratarse de decisións que afectan a un equipo docente é necesario que exista un intercambio de opinión e información entre os membros do equipo educativo. A avaliación inicial do alumnado é un primeiro paso no proceso de avaliación continua que leva a cabo o equipo docente.

O proceso de avaliación inicial esixe que se atenda máis aos posibles recursos e capacidades do alumnado que ás posibles deficiencias que presenten, aínda sen esquecer estas. Parece ser máis produtivo analizar as expectativas e intereses, as potencialidades que posúen alumnas e alumnos, co fin de proporcionarlles unha educación adaptada que simplemente “constatar o baixo nivel que posúen”.

### **Procedementos para a avaliación inicial**

- A) En ESO a avaliación inicial realizarase a través da observación directa do alumnado por parte do profesor/a para ver se as súas competencias se adecúan ao esixible no nivel correspondente.

Esta observación será a través das actividades de aula e, se o profesor/a o considera oportuno, mediante probas escritas ou orais nas que o alumno ou alumna poida amosar as súas competencias. Como complemento traballarase en grupos que poderán indicarnos as tendencias xerais do alumnado.

Realizaranse asemade simulacións de situación, debates...

Vense realizando a reunión de avaliación inicial durante o mes de outubro, xa que isto nos permite facilitar pautas para a adaptación do proxecto curricular ás características e necesidades do alumnado.

Será nesta reunión inicial do equipo docente onde se expoñerá toda a información requirida polo profesorado na aula durante todo o período de avaliación inicial co fin de recomendar as medidas compensatorias para aquel alumnado que se considere que o necesita.

- B) Non hai reunión de avaliación inicial en BAC, pero aínda así cada profesor/a necesita coñecer de onde parte, para sobre isto ir operando os cambios para a aprendizaxe. Polo tanto, mediante a observación directa, cada profesor/a realizará unha análise inicial que lle permitirá comprobar o nivel competencial do seu alumnado.

## 12. Medidas de atención á diversidade.

Este curso o Departamento de Lingua galega e literatura participa de varias das medidas de atención á diversidade que se levan a cabo no centro. Son as seguintes:

- Reforzo educativo: aplícase a alumnos/as con problemas de aprendizaxe e encárgase del un profesor que deberá manter unha estreita colaboración co que imparta a materia no grupo de referencia e co Departamento de Orientación
- Programa de mellora da aprendizaxe e rendemento.

O Departamento segue traballando con outras medidas de atención que, aínda que importantes, non son suficientes para satisfacer as necesidades do noso alumnado:

- Adaptacións curriculares: propostas polo Departamento de Orientación para alumnos aos que xa lles tivesen sido aplicadas en Primaria e que presenten un desfase curricular moi acentuado na área sociolingüística.

Á parte, as probas de avaliación inicial servirán ao profesor/a para adoptar as medidas de atención dentro da aula segundo as necesidades do alumnado.

### 12.1. Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión deberemos recompilar diversa información sobre cada grupo:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares e aos aspectos competenciais; e os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- As necesidades que se puidesen identificar; durante esta fase cómpre pensar en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar para obter un logro óptimo do grupo.

### 12.2. Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de



diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con NE, con AACC; pero tamén aquel que requira atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.
- Saber as medidas organizativas a adoptar: planificación de reforzos, espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.
- Establecer as medidas curriculares a adoptar e os recursos a empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co/a titor/a.

### 12.3. Alumnado con TDAH

Seguindo as orientacións do “Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitarios”, publicado pola Consellería de Educación, teremos en conta as seguintes estratexias:

- Asegurarnos de que nos atende.
- Utilizar frases curtas e claras.
- Manter o contacto visual.
- Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
- Utilizar estratexias de categorización.
- Promover a súa participación con preguntas sinxelas.
- Formularlle preguntas para asegurarse de que entende.
- Proporcionarlle un sistema de titoría entre iguais para revisar os puntos fundamentais e que ao mesmo tempo poida axudar a estudantes con dificultades.
- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Facerlles probas breves breves e sinxelas.
- Deixarlles máis tempo para a realización dos exames.

## 13. PMAR 2º ESO

### Ámbito lingüístico e social

O Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR) configúrase, polo que a este Departamento compete, como un ámbito específico de carácter lingüístico-social que inclúe elementos formativos seleccionados entre os obxectivos e contidos curriculares correspondentes ao terceiro curso da etapa das materias de Ciencias Sociais, Xeografía; Lingua galega e literatura e Lingua castelá e literatura.

A selección destes elementos formativos realizarase tendo en conta o seu carácter nuclear, a súa importancia social e cultural, o seu funcionamento e a súa capacidade para facilitar o desenvolvemento das competencias clave e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Debemos subliñar que a **flexibilidade** será, no que á docencia respecta, un criterio básico nos diversos aspectos curriculares e didácticos.

Este curso solicitaremos o Contrato Programa Innova para traballar en podcast e programas de radio en xeral.

Así, e con carácter xenérico, deséñanse os seguintes:

### **Obxectivos**

Os obxectivos do Ámbito lingüístico-Social coinciden cos obxectivos xerais de etapa recollidos nas programacións das distintas áreas adecuando a súa consecución ás características específicas do alumnado de diversificación curricular.

### **Lingua galega e castelá**

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
2. Utilizar a lingua para expresarse oralmente e por escrito de forma coherente.
3. Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información.
4. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para redactar textos propios do ámbito académico.
5. Aplicar con autonomía os coñecementos sobre a lingua para comprender textos orais e escritos, e para escribir e falar correctamente.

### **Literatura**

- 1 Facer da lectura unha fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, e consolidar hábitos lectores.
- 2 Coñecer os trazos básicos do contexto histórico, social e cultural que influíron na literatura para entender o sentido dos textos literarios.
- 3 Coñecer os escritores e as tendencias máis representativas dos séculos XIX e XX e as achegas máis significativas.

- 4 Comprender os textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre cada xénero, temas e recursos estilísticos.

## **Ciencias Sociais**

- 1 Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas
- 2 Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. Identificar as paisaxes das diversas zonas climáticas.
- 3 Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.
- 4 Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos e os principais espazos naturais que conforman o espazo xeográfico español e galego, así como coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.
- 5 Analizar a poboación mundial, europea, española e galega no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.
- 6 Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras no mundo, en Europa, en España e en Galicia, así como as características das cidades destes mesmos espazos.
- 7 Caracterizar a alta Idade Media en Europa e describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.
- 8 Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.
- 9 Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais e entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.
- 10 Comprender a expansión comercial europea e recuperación das cidades, así como a crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.

## Competencias clave

A programación de contidos ten en conta a necesidade de que os alumnos e alumnas acaden unha serie de competencias clave que lles permitan reintegrarse en 4º ESO (2º ciclo) ás ensinanzas académicas ou aplicadas.

- 1 **Comunicación lingüística** (CCL), relacionada coa expresión oral e escrita.
- 2 **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCCT) referida á capacidade de cálculo, comprensión e representación numérica e gráfica.
- 3 **Competencia dixital** (CD) que ten que ver co manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- 4 **Aprender a aprender** (CAA).
- 5 **Competencias sociais e cívicas** (CSC), relativas á participación como cidadán ou cidadá responsable no seo da sociedade.
- 6 **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (CSIEE).
- 7 **Conciencia e expresións culturais** (CCEC).

## Contidos

Dadas as características deste alumnado (dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, situación de risco de non acadar as competencias clave e os obxectivos da etapa cursando o currículo común) é fundamental organizar os contidos buscando centros de interese onde introducir os contidos significativos, máis atractivos e motivadores a fin de que cheguen a ter unha visión xeral das diferentes materias. O centro de interese este curso é a **solidariedade**.

Estes contidos estarán dirixidos fundamentalmente ao reforzo da comprensión e expresión oral e escrita en galego e castelán, así como á busca e tratamento da información e á consolidación das destrezas comúns ás áreas do Ámbito. Traballarase especialmente nas materias de Lingua galega e Lingua castelá co fin de mellorar a comprensión lectora, a expresión escrita e a expresión oral. A parte correspondente a Xeografía e Historia servirá fundamentalmente para practicar as técnicas de estudo: liñas no tempo, resumos, esquemas....

Indubidablemente, teremos en conta o esforzo e superación persoal, a tolerancia e o respecto cara aos demais e cara ao entorno natural e urbano que terán unha consideración igual que o resto dos contidos específicos.

En cada unidade traballaremos as distintas materias:

- 1 Comunicación :
  - Comprensión e expresión (lecturas para traballar a comprensión lectora e propostas de expresión escrita).
  - Tipoloxía textual ( contidos vinculados á lectura inicial relacionados co traballode tipoloxía textual).
- 2 Lingua e literatura galegas: contidos e actividades das ferramentas necesarias para adquirir as destrezas lingüísticas e comentar distintos tipos de textos.
- 3 Ciencias Sociais: o marco físico (relevo, paisaxes) centrado nos espazos europeo, español e galego; o estudo da poboación e da súa dinámica; da cidade, dos procesos de urbanización e as súas consecuencias, así como aspectos do impacto do ser humano sobre o seu entorno.
- 4 Lingua e literatura castelá: contidos e actividades das ferramentas necesarias para adquirir as destrezas lingüísticas e comentar textos literarios.

**Contidos referentes de cada materia do Ámbito por avaliación**

**1ª avaliación**

Lengua Castellana y Literatura	El texto: una unidad de comunicación.	El texto narrativo.
	Propiedades de los textos.	El texto descriptivo.
	Estilo formal y estilo coloquial.	El texto expositivo
		El texto argumentativo
	El origen de las palabras. Préstamos.	El uso especializado de las palabras. Tecnicismos.

	Mayúsculas.	Palabras con diptongos, hiatos y triptongos.
	Reglas generales de acentuación.	Usar correctamente el punto.
	Usar correctamente la coma (,).	Saber escribir con palabras precisas.
	Saber escribir textos adecuados.	
	Lectura exploratoria y lectura comprensiva.	Identificar la intención comunicativa del emisor.

	¿Qué es la Literatura?	La EDAD MEDIA. Lírica. Narrativa. Teatro.
	El origen da la Literatura.	
	Géneros literarios.	

	Contidos	Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
Xeografía e Historia	3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).	g l	Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.	3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	CAA CSC
	3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.	a c d g l	Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	CAA CSC

	3.8. Feudalismo.	a c d g l	Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	CSC
	3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.	a c d f h l n	Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	CSC CCEC
3.9.2. Explica a importancia de				CMCCTCC L CSC CCEC	

				Al-Andalus na Idade Media.	
	3.10. Reconquista e repoboación.	g h l n ñ	Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.	3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.	CAACSC
				3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.	CCL CSC CCEC
Lingua Galega	Tipos de textos:		As noticias: titulares e portadas.	A narración: textos narrativos, descritivos e dialogados.	O diario, os blogs e a carta persoal.

	Mecanismos de conexión textual: anáfora, substitución e elipse.	Conectores textuais.		
	O esquema.	O mapa conceptual.		
	Os nomes das cousas:	A casa por dentro.	A alimentación.	A diversidade social e cultural e a paz.
A lusofonía.	Linguas minoritarias e minorizadas.	A normalización.		
	A lingua por dentro:	Formacións de palabras (I): lexema e morfemas.	Formación de palabras (II): prefixos e sufixos.	O substantivo.
	Letras e signos:	O alfabeto.	Vogais e consoantes.	Uso de b/v, h e x/s

**2ªavaliación**

Lengua castellana y Literatura	Clases de palabras: sustantivo, adjetivo, pronombre, determinante, verbo,	Enunciado, oración y frase
		Los grupos sintácticos.
		Sujeto y predicado.



	advervio, preposición y conjunción.	Oraciones impersonales.
	El significado de las palabras.	La forma de las palabras.
	Monosemia y polisemia.	Lexema.
	Denotación y connotación.	Morfemas derivativos.
		Morfemas flexivos.
	La tilde diacrítica.	y/ll
	El punto y coma (;)	Partículas interrogativas y exclamativas.
	Escribir bien los determinantes.	Los dos puntos (:)
		Concordancia entre el sujeto y el verbo.
	Identificar las ideas principales.	Resumir
	EL RENACIMIENTO (I). Lírica y narrativa.	EL RENACIMIENTO (II). Teatro y otros textos.

	Contidos	Objetivos	Criterios de evaluación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
Xeografía e Historia	3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.	I	Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.	CSC

	3.12. Arte románica, gótica e islámica.	l h n ñ	Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.	3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	CCL CSC CCEC
	1.1. Localización. Latitude e lonxitude.	b e f g	Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	CAA CMCCT CD
	1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.	b e f g h	Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.	1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.	CAA
	1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.	b e f g h	Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.	1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	CAA CMCCT CD CCL
				1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando	CAA CMCCT CD
				gráficos e imaxes.	
				1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	CAA CMCCT CD

	1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.		Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.	1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA CMCCT CD CCL
Lingua Galega	Tipos de textos:	Os textos poéticos.	As solicitudes.	Os textos expositivos. O folleto.	
	A escritura:	A revisión.	A presentación.		
	Os nomes das cousas:	A música.	O noso contorno.	A radio e a televisión.	
	Prexuízos lingüísticos.	O galego no ámbito local.	O galego na súa contorna: a transmisión lingüística.		
	A lingua por dentro:	O adxectivo.	O verbo.	A frase: definición e clasificación.	
Letras e signos:	Grupos consonánticos: bl/br, pl/pr, fl/fr	Grupos consonánticos: cc/ct, pc/pt. Uso de -cio/-cia, -zo/-za.	A acentuación.		
<b>3ª avaliación</b>					

Lengua castellana y Literatura	El predicado.		Los complementos del predicado: CD, CI, CR, Cpvo y CC.		
	Predicado nominal y predicado verbal.				
	Oraciones activas y pasivas.				
	Formación de las palabras.		Relaciones de significado entre las palabras: sinonimia, antonimia, hiponimia, homonimia, paronimia.		
	Composición.		Campo semántico y campo léxico.		
	Derivación.				
	Siglas, acrónimos y acortamientos.				
	La tilde de las palabras compuestas.		Acentuar correctamente los verbos con pronombre..		
	Signos de interrogación y de exclamación.		Usar correctamente las comillas (")		
	La correlación temporal.		Los conectores textuales.		
	Lectura inferencial: leer entre líneas.		La lectura crítica.		
EL BARROCO (I): lírica y narrativa.		EL BARROCO (II): teatro y otros textos.			
	Contidos	Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
Xeografía e Historia	2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.	b c e f g	Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.	2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.	CAA CMCCT CD CSC
				2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	CAA CMCCT CD CSC

2.2. Poboación europea: distribución e evolución.	b c e f g h	Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	2.2.1. Explica as características da poboación europea.	CAA CD CCL CSC
			2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	CAA CMCCT CD CCL CSC
2.5. Proceso de urbanización no planeta.	b c e f g h	Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	CAA CMCCT CD CCL CSC
			2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	CAA CMCCT CD CCL CSC
2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.	b c e f g h	Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.	2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	CAA CMCCT CD CCL CSC
			2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	CAA CMCCT CD CCL CSC
2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.	b c e f g h ñ	Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	CAA CMCCT CD CCL CSC

	2.8. Diversidade de medios naturais en	b c e f g h m ñ	2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.	2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación	CAA CMCCT CD CCL CSC
--	--	--------------------	--	---	----------------------------------

	España e en Galicia.			actual dalgúns deles.	
				2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	CAA CMCC T CD CCL

Lingua galega	Tipos de textos:	A procura de información.	O cine: a sétima arte.	Os textos académicos.
	Os nomes das cousas:	O cine e o teatro.	O parentesco.	O tempo cronolóxico.
	O galego no ámbito educativo.	Como falamos?. Os rexistros da fala.	A variedade estándar.	
	A lingua por dentro:	A cláusula: definición e clasificación.	O suxeito e o predicado.	Complemento directo, complemento indirecto e complemento circunstancial.

	Letras e signos:	O punto, a coma e o punto e coma	Dous puntos e puntos suspensivos. Signos de interrogación e exclamación.	Parénteses e comiñas.
--	------------------	----------------------------------	--	-----------------------

### **Metodoloxía**

A programación será desenvolvida cunha metodoloxía práctica e activa, tendo en conta que se trata dun programa de mellora, dirixido a alumnos e alumnas cos que a formación académica convencional ten fracasado.

Hai que ter en conta a motivación do alumnado que se fará dun xeito positivo, así como as diferenzas entre os distintos alumnos/as, o diferente ritmo de traballo, a potenciación da autoestima...

Partiremos en cada bloque temático dos conceptos previos que teñan adquiridos os alumnos e alumnas.

Utilizaremos esporádicamente os mesmos libros de texto que o alumnado do seu grupo de referencia e outros materiais que se consideren adecuados ás necesidades do grupo.

Deberán ler, como mínimo, un libro en castelán e outro en galego por trimestre. Organizarán e participarán en debates, aproveitaremos o potencial do cine e documentais e os recursos TIC que permitan aos alumnos acadar os obxectivos propostos.

Coordinaranse as actividades complementarias co profesor ou profesora do Ámbito Científico para programar saídas a exposicións, teatros, empresas... que teñan que ver cos seus intereses ou cos contidos curriculares.

Empregaranse, como libros de texto, os seguintes: Programa de Mellora (Nivel 1 e 2) da Editorial Xerais.

### **Avaliación e recuperación**

A avaliación ten por obxecto determinar periodicamente o grao de cumprimento dos obxectivos previstos na programación para decidir se convén continuar co plan previsto ou introducir medidas correctoras.

Teremos en conta á hora de avaliar:

- A avaliación inicial para diagnosticar a situación de saída ao principio de cada unidade.
- A observación do traballo diario de alumnas e alumnos.
- A valoración do caderno onde o alumnado recolle o realizado na aula.
- A análise dos traballos realizados.

- Pequenos controis para detectar o grao de aprendizaxe.
- Exames ao finalizar cada unidade didáctica.

### Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Avaliación inicial dos coñecementos previos que servirá de referencia para ver a evolución e progreso dos/das alumnos/as.
- Observación do traballo do alumnado na clase e rexistro da súa participación nas actividades orais e escritas, reflectido no caderno da profesora.
- Observación do caderno do alumno/a que amosa o seu método de traballo, a orde e a presentación correcta, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas.
- Valoración da capacidade de mellorar, a expresión correcta e a utilización do vocabulario xeográfico adecuado.
- Realización de controis e probas específicas de cada materia integrante do ámbito.
- Valoración das intervencións na clase, da participación nos traballos en grupo, así como en debates e postas en común, que permiten detectar a disposición dos alumnos/as para o traballo en equipo e para a exercitar a tolerancia e respecto cara as opinións dos compañeiros/os.
- Cualificación das actividades e traballos propostos, nos que se terá en conta a expresión escrita, a capacidade de razoamento e a presentación.
- A forma de **cualificación** das diferentes partes das probas escritas e a participación dos diversos instrumentos de avaliación na nota final de avaliación (trimestral, fin de curso e extraordinaria) comunicárase aos alumnos previamente a súa realización.
- Para superar as avaliacións é preciso que os alumnos/as acaden os contidos mínimos anteriormente programados e expostos.
- Ao ser a avaliación continua e contemplar múltiples aspectos, a recuperación da parte/partes avaliadas negativamente farase no transcurso do curso escolar; se ben, poderían establecerse momentos-clave para comprobar se os alumnos/as recuperaron aqueles aspectos avaliados negativamente.
- Aqueles alumnos e alumnas que non aproben en xuño, deberán realizar unha proba escrita na convocatoria extraordinaria de setembro, seguindo as pautas utilizadas durante o curso. Nela deberán acadar os contidos



mínimos esixibles e será o único que se teña en conta para aprobar. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de **5** puntos para superala.

	<b>Instrumentos de cualificación</b>			
	Probas escritas	Traballo de aula		
Estándares de aprendizaxe		Caderno de clase	Notas de clase	Traballos e exposicións individuais e en grupo
	50% É necesario aprobalas	30%	10%	10%
Observacións/ Aclaracións				

**As materias pendentes poderán superarse aprobando a primeira avaliación co curso actual.**

#### **Grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia**

O grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe é do **50%**.

Avaliaranse a través dos instrumentos de avaliación especificados.

Os estándares conceptuais, procedimentais e actitudinais poderán ser avaliados a través dos devanditos instrumentos de avaliación de xeito individual ou integrado (é dicir, unha mesma proba pode integrar estándares específicos e outros de enunciado xenérico – conceptos, cronoloxía, procedementos de comentario, ... - )

## 14. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Os elementos transversais serán vistos na nosa programación de xeito continuado ao longo do curso, traballándoos sempre con materiais adecuados ao nivel do alumnado. Así:

**A comprensión lectora** e a expresión oral e escrita son contidos específicos da nosa materia e polo tanto traballaránse en todo momento, segundo se determina nesta programación, desenvolvendo especialmente as competencias: CC, CAA.

**A comunicación audiovisual** é fundamental hoxe en día para o desenvolvemento competencial do alumnado. Nós traballaremos este elemento sobre todo a través de presentacións, audicións, visualización de filmes..., coa finalidade de que o alumnado visiona de forma crítica e reflexiva todo tipo de material adecuado ao seu desenvolvemento cognitivo e, tamén coa perspectiva de que elaboren eles/elas o seu propio material audiovisual. Este traballo incidirá especialmente no desenvolvemento das seguintes competencias: CC, CMCT, CD, CCEC.

**A tecnoloxía da Información e comunicación** estará presente ante todo na procura e rexistro de información para elaboración de traballos e para profundar nos contidos vistos na aula. Incide no desenvolvemento das seguintes competencias: CAA, CMCT, CSIEE.

**O emponderamento** traballarémolo sobre todo no comentario de textos seleccionados, debates, visionado crítico de materiais audiovisuais, buscando a postura reflexiva do alumnado, de xeito que favoreza a súa posición no mundo e a súa autoestima, así como a postura solidaria cos colectivos máis desfavorecidos. Con este elemento traballamos tamén as competencias: CSS, CCEC, CC.

**A educación cívica e constitucional** traballarémola tamén a través de textos seleccionados, visionado ou escoita de material audiovisual, producións propias do alumnado, etc, co fin de que adquiran dende unha perspectiva crítica, valores como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia. Axuda ao desenvolvemento das competencias CCEC, CSS, CC.

O profesorado será sempre referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoable, poidan presentar os/as alumnos/as; e corraxirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores cívicos.

Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitable, son realidades que se poden cambiar.

- Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.

## 15. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Procuraremos realizar unha serie de actividades complementarias, que axudarán a que o alumnado comprenda mellor os aspectos relacionados coa cultura galega en xeral. No do posible, e sempre dependendo da oferta cultural cercana ao propio centro, organizaranse as seguintes propostas de actividades que serán voluntarias e non avaliadas.

O departamento ten moito interese en establecer unha liña de traballo conxunta con outros departamentos polo que durante este curso comezaremos a realizar actividades en colaboración, en especial co EDL e a Biblioteca. A nosa intención é que este tipo de cooperación teña continuidade nos vindeiros cursos.

As actividades programadas para o curso 2020/2021 son as seguintes:

1. Asistencia a **obras de teatro** segundo a oferta dos programas dos diferentes organismos e compañías.
2. Asistencia a diferentes **charlas** sobre temas de interese para a materia en particular e para a cultura e a arte galegas en xeral.
3. Visualización de obras xa clásicas do **cinema galego** e en galego. Esta actividade será realizada na aula e permitirá apreciar e valorar épocas históricas descoñecidas para o alumnado. Destacamos de maneira moi positiva a visualización de películas como: *O lapis do carpinteiro*, *A lingua das bolboretas*, *Sempre Xonxa*, *Esperanza*, *Vilamor*, *Mamá Asunción*... O obxectivo fundamental desta actividade é que o alumnado valore o propio desde unha perspectiva lingüística e literaria.
4. Como en cursos anteriores, posiblemente realicemos na primavera a excursión da **Ruta Pondaliana** co alumnado de 1º de Bacharelato ou 3º ESO.
5. En colaboración co EDL participaremos un ano máis no **Correlingua** que se celebrará na Coruña e á que asistirán os alumnos/as de 1º e 2º de ESO.
6. Estudaremos a posibilidade de realizar outras viaxes literarias e culturais como a **Ruta rosaliana**; ou algunha máis ampla como a ourensá, mindoniense ou a pontevedresa, entre outras. Para a organización de todas elas traballaremos co EDL.
7. Visita ao Castro de Elviña, destinada ao alumnado de 1º e 2º de ESO.
8. Convocarase de novo o **Certame literario**, en colaboración co EDL, destinado a todo o alumnado do centro.
9. **Roteiros literarios**: “**A fábrica de poetas**” e “**O neno da aldea**” iniciativas do IES Poeta Díaz Castro, destinado ao alumnado de 3º e 4º da ESO.

## 16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Dado que no proceso educativo interveñen dúas partes, a avaliación non debe limitarse á aprendizaxe. Debemos avaliar a nosa propia práctica docente baseándonos nos aspectos que conforman a calidade educativa como son: a organización da aula e dos recursos utilizados, as actividades desenvolvidas, a adecuación da metodoloxía, a atención á diversidade, a relación entre os integrantes do proceso (alumnado e profesorado), a coordinación dos órganos docentes. Desta forma poderemos realizar os axustes da ensinanza máis convenientes á aprendizaxe do alumnado.

Neste punto consideramos adecuado utilizar diferentes tipos de avaliación que impliquen no proceso tanto a profesores/as como a alumnos/as:

- **Autoavaliación:** reflexión interna. Por esta razón ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permita avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.
- **Coavaliación:** posta en común, reflexión conxunta e decisións consensuadas. Realízase entre os membros do Departamento ao final de cada avaliación e, á parte deste momento, sempre que se considere oportuno.
- **Heteroavaliación:** valoración do alumnado sobre o labor levado a cabo polo profesor/ora cubrindo unha **ficha** que se lle entregará no momento previsto.

Ademais diso servirémonos do proceso de avaliación que nos permitirá constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Este proceso, continuo e aberto, será esencial no proceso de autocorrección da programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real das aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

**a) A avaliación da programación en si**, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC nos cursos máis baixos, nos que o nivel de competencia dixital dos/das alumnos/as é moi desigual), na

efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

Durante as reunións de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posible, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

**b) A avaliación da interactuación do alumnado coa programación.** Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

Utilizaremos como ferramentas para a avaliación didáctica as seguintes:

#### AVALIACIÓN DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA Departamento de Lingua Galega e Literatura

INDICADORES	SI	NON	OBSERVACIÓNS
<b>ASPECTOS XERAIS</b> Contextualizada Flexible			
<b>OBXECTIVOS</b> Claros Completo Adecuados ao alumnado Avaliados			
<b>CONTIDOS</b> Adecuados aos obxectivos Adecuados ao alumnado Adaptables Transversalidade			
<b>DESCRITORES E DESEMPEÑOS COMPETENCIAIS</b> Adecuados Concretos Funcionais			
<b>ESTÁNDARES</b> Concreción adecuada Distribución axeitada			
<b>METODOLOXÍA</b> Activa e participativa Recíproca Estratexias diversas			

<b>ACTIVIDADES</b> Interesantes-motivadoras Axustadas Atenden á diversidade Reforzo Complementarias			
<b>RECURSOS</b> Accesibles Motivadores Adecuados			
<b>AVALIACIÓN</b> Atende os tres momentos Criterios e instrumentos adecuados aos estándares			
<b>TEMPORALIZACIÓN</b> Adecuada Realista Respecta os ritmos Imprevistos			
<b>INTERDISCIPLINARIEDADE</b> Cumpre obxectivos Activa e participativa			

**AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DO SEU DESENVOLVEMENTO**

Departamento de Lingua Galega e Literatura

INDICADORES	DIFICULTADES ATOPADAS	MEDIDAS A TOMAR	OUTRAS OBSERVACIÓNS
Obxectivos adecuados ás características do alumnado?			
Distribución e secuenciación adecuados?			
Descritores e desempeños competenciais			
Concreción de Estándares			

Selección válida dos criterios de avaliación?			
Estratexias			
Recursos			
Actividades			
Relación profesorado/ alumnado			

### AVALIACIÓN DAS CLASES DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Hoxe vas ser ti quen avalíe o traballo da túa profesora. Le atentamente as cuestións e puntúa do 1 ao 5. Ao rematar podes escribir as túas aclaracións, solicitudes, queixas...

INDICADORES		1	2	3	4	5
1	A actitude cos alumnos é de respecto e motivadora					
2	A actitude cos alumnos serve de exemplo					
3	O clima da aula é satisfactorio					
4	A orde, a participación e a responsabilidade son as adecuadas					
5	Os obxectivos propostos son asequibles					
6	As actividades son coherentes e variadas					
7	O axuste do tempo é correcto					
8	Promóvese a participación					
9	Propíciase o traballo en equipo					
10	O nivel ten en conta os coñecementos previos					
11	Os recursos son diversos e motivadores					
12	As aprendizaxes teñen funcionalidade					
13	Hai relación entre criterios de avaliación e contidos					
14	A avaliación atende ao proceso					

**OBSERVACIÓNS**



## **18. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles nos diferentes niveis:**

### **2º ESO**

#### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR**

B1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). (CCL, CAA)

B1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. (CCL, CSC, CSIE)

B1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. (CAA)

B1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. (CCL, CSC)

B1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.

(CCL, CSC, CSIEE, CCEC)

#### **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR**

B2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. (CCL, CAA)

B2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. (CCL)

B2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.

(CCL)

B2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. (CCL)

B2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. (CCL, CD)

#### **BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA.**

B3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. (CCL)

B3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. (CCL, CAA)

B3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

(CCL)

B3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. (CCL, CAA)

#### **BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE**

B4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. (CCL)

B4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. (CCL, CSC)

B4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local. (CCL, CSC)

### **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

LB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. (CCL)

LB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. (CCL)

B.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. (CCL)

## **4ºESO**

### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR.**

### **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.**

En ambos os bloques consideraranse todos os estándares de aprendizaxe clasificados como *Fundamentais* na Programación didáctica. CCL

### **BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. CCL

LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos. CCL

LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. CCL

LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario. CCL, CD

LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos. CCL

LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica. CCL

LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. CCL

LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. CCL

LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. CCL

LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos. CCL

LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática. CCL

LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual. CCL

#### **BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE**

LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. CCL, CSC

LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. CCL, CSC

LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega. CCL, CSC

LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. CCL, CSC

LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua desde 1916 ata os anos 50. CCL

LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas (ata a narrativa de posguerra) CCL, CSC

LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. CCL, CSC

LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916. CCL, CD, CSC

LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. CCL, CSC

#### **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a narrativa de posguerra. CCL, CCEC

LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata narrativa de posguerra, sinala os seus trazos característicos definatorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. CCL, CCEC, CSC

LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definatorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos. CCL, CCEC, CSC

LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a narrativa de posguerra. CCL, CCEC

LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos. CCL, CD

LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. CCL, CCEC

## 2º BACHARELATO

### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR**

B1.6.1 (CD/CCL/CAA); B1.7.1 (CCL); B1.7.2 (CCL); B1.11.1 (CAA); B1.11.2 (CCL/CAA)

### **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.**

B2.1.1 (CCL/CSC); B2.1.2 (CCL/CCA); B2.1.3 (CCL); B2.1.4 (CCL); B2.2.2 (CCL); B2.3.1 (CCL/CSC); B2.3.2 (CCL); B2.3.3 (CCL); B2.4.1 (CCL/CSC); B2.5.1 (CCL); B2.5.2 (CCL/CD/CAA); B2.5.3 (CCL/CD); B2.6.1 (CCL/CD); B2.6.2 (CCL/CAA)

### **BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

TB3.1.1 (CCL/CAA); B3.3.1 (CCL/CCEC); B3.3.2 (CCL/CAA); B3.3.3 (CAA); B3.5.1(CAA)

### **BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE**

B4.1.1(CCL/CAA); B4.1.2(CCL/CSC); B4.2.1(CCL/CSC); B4.2.2(CCL); B4.3.1 (CCL/CCEC); B4.3.2 (CCL); B4.3.3 (CCL/CSC); B4.3.4 (CCL); B4.3.5 (CCL/CSC); B4.4.1 (CCL); B4.5.1 (CCL)

### **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIO**

B5.1.1 (CCL/CSC); B5.1.2 (CCL); B5.1.3 (CCL); B5.2.1 (CCL); B5.2.2 (CCL); B5.2.3 (CCL); B5.3.1 (CCL); B5.3.2 (CCL); B5.3.3 (CCL); B5.4.1 (CCL); B5.4.2 (CCL); B5.4.3 (CCL); B5.7.1 (CCL)

**Observación:** No suposto de vérmonos na obriga de cambiar a un ensino non presencial utilizaremos a seguinte metodoloxía:

Na Aula Virtual do centro iránse colgando os contido e as actividades programadas para esa etapa do curso. Utilizaremos un sistema de videoconferencias, un 50% do tempo, para corrixiras actividades propostas e para seguir o proceso do noso ensino-aprendizaxe.

Se un alumno ou alumna ou varios do mesmo grupo, por razóns sanitarias, non poden asistir presencialmente, poderán seguir o ritmo das clases conectándose a elas a través dunha videoconferencia e/ou a través da aula virtual do centro ou de calquera outro mediotelemático acordado previamente con este alumnado.

Téñase en conta que o centro traballa con dominio propio (iesmonelos.edu.es.) Outra ferramenta máis coa que traballar co alumnado e na que se poderán ir incorporando os contidos, materiais, actividades programadas para esa etapa do curso.

### **19. Plan de reforzo e recuperación**

No primeiro ciclo da ESO impártese reforzo educativo das linguas en 2º ESO

En relación coa metodoloxía didáctica os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Teranse en conta as seguintes medidas metodolóxicas favorecedoras do pleno desenvolvemento:

- Proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado.
- A aprendizaxe cooperativa.
- Uso das TICs.
- Actividades que favorezan a autoaprendizaxe e o pensamento crítico e creativo.
- A investigación mediante proxectos de traballo.

Asinan a presente programación os membros do departamento:

María Luísa Corredoira

Mar Rodríguez

Pilar Tobar

(Xefa do Departamento)

Pilar Veiga

A Coruña, a 20 de setembro de 2022